

Nun "Álbum" de 13 x 20 cm., recolle, a lapis, as súas primeiras observacións realizadas en Lalín. En total, son 45 debuxos aínda inéditos. Reproducimos, en miniatura, as 3 primeiras e as 3 últimas páxinas

D. Ramón nace en Filgueiroa (Don Ramiro), o 11 do 3 de 1878. Sobre a súa biografía temos concisos apuntamentos, que –polo regular– desatenden a súa vida diaria. Victorino Gutiérrez Aller, sobriño do sabio, debullando lembranzas propias e alleas, foinos desvelando algunhas das súas claves familiares e persoais, nunha charla que perfilou o retrato de Don Ramón con trazo preciso, sen deixar de adobialo con saborosas anécdotas. Esta é unha breve recensión

A familia.

O encontro de Camila Ulloa e Enrique Aller foi o de dúas persoas que "**procedían de mundos moi diferentes**" e que formaron unha perfecta "***símbiose***", baseada nun "***respecto mutuo total***". Ela, fidalga campesiña no sentido máis tradicional; el, xurista, intelectual e mesmo violinista. Para casaren, Camila impúxolle dúas condición ao seu pretendente: Aprobar notarías (fíxoo co nº 1 da promoción) e exercer como notario en Lalín (foino ata a súa morte).

En fin e en palabras de Victorino: "***unha familia fidalga, non ilustre, pero ilustrada; conservadora, pero non reaccionaria; católica e liberal***". Excepto Ramón, que non compartía a primeira característica, todos os varóns foron "***xuristas, miopes e afeccionados ao naipe***"

A biblioteca.

A casa de Filgueiroa, albergaba "***unha gran biblioteca***", na que ademais dos grandes da literatura, había "libros prohibidos" e, por suposto, a *Gran enciclopedia hispano-americana.*

Alí nutriu, Don Ramón, os seus apetitos intelectuais, o que habería convertelo nun grande humanista: non só foi teólogo e científico, "***sabía moito de case todo... Historia, filosofía, literatura...***"

Os artesáns.

Na senda do pai (que chegou a construír un harmonio), Don Ramón cultivaba, con especial predilección e habelencia, as artes manuais. Xa catedrático en Santiago, **as súas compañías preferentes en Lalín eran os artesáns**: O ferreiro Lamego, o latoeiro de Venancio, o reloxeiro Vilariño e o carpinteiro de Lalín de Arriba.

O ferreiro Lamego, o latoeiro de Venancio, o reloxeiro Vilariño e o carpinteiro de Lalín de Arriba.

Nomes e oficios que nos evocan un pequeno mundo de artesanía, no que tan comodamente se sentía o noso sabio e no que atopaba aliados para mellorar o instrumental científico da época. Don Ramón "***sentía devoción especial polos artesáns***" e el mesmo era "***un artesán de categoría***".

De misa diaria, e en latín.

Con todo e a dicir de Victorino (que desde os oito anos lle axudaba na misa), Don Ramón foi "***sobre todo, sacerdote***". A pesar da súa promesa (cumprida) de nunca exercer oficio eclesiástico e de nunca obter ingresos por esa condición, misaba todos os días ás 11 da mañá, antes de almorzar (erguíase tarde, pois aproveitaba a noite para as súas observacións). Facíao en latín e, polo visto, evitaba predicar moito, xa que "***a oratoria non era o seu forte***"

Resulta curioso isto último. Hai testemuñas varias de que era un **excelente pedagogo**, e, desde logo, non hai máis que ler os seus textos para ver o magnífico dominio que tiña da expresión: **a súa prosa, tanto en galego como en castelán, é unha prosa clara, precisa e elegante.**

José Ángel Jacobo Durántez é o director do Observatorio Astronómico da USC e presidente da comisión 26 da Unión Astronómica Internacional. Ademais é o principal coñecedor e divulgador da dimensión científica de D. Ramón. Contar con el foi un luxo.

"Se non chega a ser por Don Ramón non habería o Observatorio de Santiago /.../, non habería o nivel de astronomía que hai hoxe aquí".

"Nós como herdeiros de D. Ramón María Aller, na Universidade de Santiago, insistimos en que a nosa principal liña de investigación sexa a que D. Ramón introduciu en España: as estrelas dobres e múltiples".

Ver un extracto en : http://tarabelateca.blogspot.com/2009/02/charla-de-docobo-sobre-don-ramon-m.html

Sen medios...

Cunha precariedade de medios incríbel, D. Ramón realiza as súas primeiras observacións. Se o traballo realizado resulta admirábel, máis o é ao coñecer o modesto instrumental do que dispón.

O anteollo de 67 mm. de abertura e teodolito Troughton & Simms son os seus "primeiros compañeiros" e, con eles, mantería unha especial relación toda a vida.

[Cuns veciños de Filgueiroa, o "anteollo" e o teodolito, os seus primeiros instrumentos]

... a Europa

A figura do astrónomo de Lalín axiña foi coñecida e respectada nos círculos científicos europeos. A revista astronómica máis importante da época, a Astronomische Nachrichten, recolle as súas colaboracións. Os fabricantes de instrumental óptico e astronómico coñecen a súa habelencia e consultan con el.



Exemplo da correspondencia de D. Ramón. Neste caso co director do observatorio de Königsberg.

Sehr geehter Herr!
Für die gütigst übersammekten Beobachtungen von g virginis sage ich Ihnen unseren herzlinchsten Dank.
Mit vorzüglichar Hochachtung.
Prof. Dr. E. Przybyllok
S.12.Mai 29

Estimado señor:
Quero expresarlle o noso máis grande agradecemento polas observacións de g virginis que tan amablemente nos reuniu.
Atentamente
Prof. Dr. E. Przybyllok
Domingo 12 de maio de 2929

Transcrición e tradución: Servando Lois Silva

A obra publicada

ALLER ULLOA, Ramón M.: **Algoritmia: principios fundamentales de la ciencia de los números.** - Santiago de Compostela : USC, 1994. 740 p..; 22 cm. Ed. Facs do ms. orixinal

[**Algoritmia** foi editado por primeira vez en 1914]

ALLER ULLOA, Ramón Ma: ***Publicaciones científicas del dr.D. Ramón Aller Ulloa /*** edición preparada por José Ángel Docobo Durantez. -Santiago de Compostela :Universidade de Santiago de Compostela, 1991. --712 p. : il.; 30 cm. Textos en español, alemán y francés.



[Recolle todos as colaboracións nas revistas científicas, así como a biografía do Matemático Rodríguez]



ALLER ULLOA, Ramón M.: Os ensaios en galego : (Logos 1931 -1934) /do Dr. Ramón Aller Ulloa ; limiar de Xosé Filgueira Valverde [Debuxos do Dr. Aller Ulloa ; Iniciais de Castelao]. -- Pontevedra :Deputación Provincial , 1989. --57 p.; 24 cm

[Hai reimpresión facs. de 2009, con Adro de J. A. Docobo e Uxío Labarta]

ALLER ULLOA, Ramón M.: ***Introducción a la astronomía***. -- Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, 1985. 564 p. : il. ; 21 cm + 10 h. de lám. sueltas; 21 cm. Reprod. del manuscrito del año 1930

[A obra é editada polo CSIC en 1943]





ALLER ULLOA, Ramón M.: ***Astronomía a simple vista.*** Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela. 197 p. : il.;22 cm. Reprod. facs. da ed. de : [S.l. : s.n.], 1948. Coeditado co Concello de Lalín

Un excelente debuxante...



... que realizou todas as ilustracións das súas obras...





...e acompañaba as súas observacións con debuxos a man alzada



Pioneiro da prosa científica en galego

En 1931, D. Ramón comeza as súas colaboracións en "Logos, Boletín católico mensual" de Pontevedra. En total, serán oito artigos que representan un momento fundamental na **historia da lingua**.

Desde a Rexurdimento, o galego fora gañando uso e enriquecendo as súas estruturas e vocabulario. Na década dos 30, estaba consolidado como lingua literaria e aproximábase á súa madureza como lingua para a filosofía e as ciencias sociais. Con todo, non acababa de desenvolver un discurso científico.

Non semellaba fácil: unha lingua constrúena os seus usuarios e, daquela, era complicado atopar persoas que sumasen á formación científica e á competencia lingüística, o compromiso e a valentía para abriren o camiño. Demasiados sumandos!

D. Ramón é un dos dous ou tres primeiros científicos que dan o paso. **Con el, comeza o galego a empregarse na astronomía e nas matemáticas**. Con el, comezábanse a esboroar os prexuízos que cualificaban (cualifican?) o galego como lingua inhábil para a ciencia.

O discurso científico en galego de D. Ramón aínda pode ser celebrado hoxe pola súa modernidade, desde o punto de vista da ciencia e da lingua.

A chave é o ánimo de divulgación. Poñer ao alcance do público a ciencia só é posible para alguén que teña altos coñecemento científicos e un amplo dominio da lingua. D. Ramón reunía as dúas condicións. **Sabía do que falaba e, cando se decide a escribilo en galego, faino na súa lingua**. A receita é clara: para explicar matemáticas en galego, hai que saber matemáticas e amar o idioma.

Deste xeito, harmonizando a lingua popular, co galego literario e a terminoloxía científica imprescindíbel, o noso sabio **senta os alicerces da prosa científica galega cuns criterios de absoluta modernidade**.



Astronomía a ollo ceibe.

O 20 de maio de 1936, a prensa recolle a presentación dun orixinal de D. Ramón Aller,

Directiva del Seminario de Estudos Galegos

Un libro de don Ramón Aller. - Fue presentado al Seminario el original de un libro de D. Ramón Aller que contiene una bellísima iniciación al estudio de la Astronomía. Se trata de un trabajo profundo y amenísimo que el Seminario dará a la imprenta en cuanto el insigne astrónomo verifique entrega del original definitivo. Se titulará **"A astronomía a ollo ceibe"** e irá profusamente ilustrado por el propio autor. El Seminario estima que este libro constituirá un verdadero éxito por su sencillez y por su novedad. [**Periódico *El Compostelano*, 20-5-1936**]

Dous escasos meses, prodúcese a sublevación militar e comeza a guerra.

Que foi de ***Astronomía a ollo ceibe***"? Nunca máis se volveu saber del. Desapareceu para sempre que ía ser o primeiro libro de "Ciencias" ´ no noso idioma? Probablemente foi o xerme de ***Astronomía a simple vista***. Pero non é o mesmo. Se realmente no aparece aquel orixinal, **podemos ter claro que á historia do galego se lle arrincou unha páxina preciosa**.

En 1941, entra como membro de número na Real Academia Galega da lingua.

Real Academia Galega
Nuevos académicos de número:
D. RAMON MARIA ALLER

Joyo, por sus eruditos y múltiples trabajos, especialmente sobre Matemáticas y Astronomía. Se destaca a la vez como filósofo, teólogo, filólogo, etc., dominando ocho idiomas.

Si destacamos sus méritos, siquiera sea sumariamente para perfilar en sentido semejante al de la biografía, su personalidad, no hemos de omitir el subrayado necesario a su virtud admirable.

Lalín debe al señor Aller, sin enumerar las innumerables atenciones que aparaja, la individida gratitud para las preciosas bon-

En 1928, Don Ramón intégrase no Seminario de Estudos Galegos, a asociación que reunía a intelectualidade galeguista de diversas xeracións. Na foto, membros do SEG diante da casa familiar dos Aller Ulloa.

A magnitude dun descubrimento non se debe medir polos resultados que aclara senón polos que amostra como desconocidos

A marela tarabela

Nº 10
Xaneiro - 10
Boletín da Biblioteca do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"



Mosaico realizado por Manuel Balea coas caras de todo o alumnado do Instituto

Don Ramón Mª Aller Ulloa foi a figura central –non podía ser doutro xeito– da nosa celebración do Ano Internacional da Astronomía.

Con el, en **1917**, Lalín ve nacer a **astronomía galega**.

Con el nace, en **1931**, **a prosa matemática e astronómica en galego.**

Esta é unha breve homenaxe.

6790 8 octubre 1954

ORDEN *de 23 de septiembre de 1954 por la que se autoriza la denominación de «Ramón María Aller de Ulloa» para el Centro de Enseñanza Media y Profesional de Lalín.*

Ilmo. Sr.: A petición del Ayuntamiento de Lalín (Pontevedra), y con el fin de perpetuar la memoria del ilustre filántropo y hombre de ciencia de la indicada villa.

Este Ministerio ha resuelto autorizar al Centro de Enseñanza Media y Profesional de Lalín para que en lo sucesivo use la denominación de «Don Ramón María Aller Ulloa».

Lo digo a V. I. para su conocimiento y efectos.

Dios guarde a V. I. muchos años.

Madrid, 23 de septiembre de 1954.—Por ausencia, Carlos Mª Rodríguez de Valcárcel.

Ilmo. Sr. Director general de Enseñanza Laboral.

B. O. del E.—Núm. 281

Don Ramón, "a simple vista"

Registro del Observatorio Astronómico

Desde a galería da casa paterna ("**o primeiro observatorio**"), Don Ramón -cun instrumental moi elemental- comezou as observacións científicas do ceo. Suplindo a falta de medios, con esforzo, enxeño e intelixencia matemática, estableceu as bases da astronomía en Galiza e levantou a admiración do mundo científico da época.



En 1917, constrúe dúas casetas de madeira para cadanseu instrumento. É o chamado "**segundo observatorio**".



2

1924. Agosto. 31.

Concluidas las obras del Observatorio en los últimos días de agosto, se colocaron en los pilares el teodolito de Troughton & Simms y el anteojo de Steinheil con pié parabólico de Keiss. En el gabinete de acero a cambio instrumento se instaló el barómetro Fortin construido por E. Ducretet & Lejeune de París en 1836. En la ventana doble del Sur, sobre el pilar que le sirve de base se puso el anteojo de 60 mm. de abertura.

TEODOLITO TROUGHTON & SIMMS, LONDON. Nº 178-1-3.

El anteojo de este instrumento tiene una abertura libre de $1\frac{1}{2}$ inch = 38,1 mm. y una distancia focal de 12 inch = 304,9 mm. El retículo, actualmente es de la forma siguiente:

V IV III II I

$24^{\circ}.82$ $10^{\circ}.30$ $10^{\circ}.77$ $22^{\circ}.37$

Fueron puestos los hilos por Mr. Cobb, mecánico del Observatorio de Madrid, el año de 1921, y se determinaron las distancias polares a principio del año 1922 por varias pares de estrellas cercanas al Polo. La numeración de los hilos corresponde al orden en que pasan las estrellas cerca del meridiano y con el círculo vertical del instrumento al E. con el círculo al

[Reprodución a tamaño real das dúas primeiras páxinas do "Registro..."]

Os inéditos



Con data do 31/8/24, iníciánse dous cadernos: Registro de observaciones verificadas en Lalín e Registro del observatorio astronómico. O primeiro, só utiliza 51 p., nas que destacan cálculos matemáticos. No segundo, recolle as observacións en 200+1 p., con 41 debuxos (10x13 cm.) anotados.



Observatorio astronómico de Lalín: Registro de las observaciones desde el día 24 de septiembre de 1926. [200 p. + 2 caderniños (de 20 p. cada un) + debuxos (10 x 13 cm.) anotados, cor; 21 cm. Abarca desde o 24/9/1926 ata o 30/8/1927.



Cuaderno registro de observaciones: Comienza en 31 de agosto del año del Señor 1927. [230 p.] il. cor; 21 cm. Abarca desde o 31/8/27 ata o 1/ 6/1929

Biografías

Poder y alcance de una dedicación : Don Ramón María Aller Ulloa. -- [Vigo : s.n] : Tip. Faro de Vigo, [1960]. --12 h. : grab. intercal.; 22 cm



Ramón María Aller: Astrónomo / guión e dirección, José Ángel Docobo ; realización, Ángel Fagilde. --[Santiago de Compostela] : Universidade de Santiago de Compostela, 2003. --1 DVD (16 min.) : son, cor. Vídeo documental patrocinado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual . Intérprete: Voz en off, Ramón Bermejo. Lingua: Versión orixinal en galego.

Vidal Abascal, Enrique: ***Ramón M. Aller Ulloa : Unha vida apaixoada pola ciencia e chea de bondade //*** por E. Vidal Abascal. --[S.l. : S.n.] :Panini distribuidor, 1979. --93 p. : il. neg. e cor; 19 cm. -- (Hombres que hicieron Galicia)

Registro del Observatorio Astronómico

O 1 de agosto de 1924, Don Ramón comeza a traballar no seu novo observatorio -o coñecido como "terceiro observatorio"-. Desde esa data ata o 30 de agosto de 1929, o noso sabio rexistra as súas observacións.



Son cinco anos en tres cadernos con múltiples anotacións – astronómicas e meteorolóxicas-, táboas, cálculos e debuxos.

Os cadernos están inéditos e forman parte do material doado por D. Victorino Gutiérrez ao Instituto.



3

W. el orden de los pares en inverso. Tiene cuatro oculares; a saber:

1. Uno Ramsden acodado (un espejo entre las lentes) de unos 25,4 mm - 1 inch de distancia focal equivalente; aumento x 12 y tiene de campo unos 2°.50'.
2. Otro Ramsden recto; foco, 1 inch = 25,4 mm; aumento x 12; campo 2°.50'
3. Ramsden recto; foco $\frac{1}{2}$ inch = 12,7 mm; aumento 24; campo 1°.25'.
4. Ortoscópico recto; foco $\frac{11}{32}$ inch = 8,7 mm; aumento 35; campo 58'.- Este ocular fué construido en 1924 por la casa Amado Laguna de Ruiz, de Zaragoza, lo mismo que la mostrina del prisma para el cenit, para lo cual se remitió dicho prisma (fabricado por Steinheil) y dibujo del mismo de montarlo. Antes de ahora, la misma casa de Zaragoza construyó otro prisma para el cenit y una tapadera con tres vidrios neutros, también bajo plano que se unían al efecto.

Los círculos tienen 5 inch = 127 mm de diámetro, divididos de 10° en 10°, y se leen con microscopios con tornillo micrométrico hasta 10" directamente; los microscopios A y B son para el círculo acimutal que está numerado para dar acimutes crecientes en el sentido SWNES; los microscopios C y D leen el círculo vertical numerado para alturas de 0° a 260°.

Los dos niveles de la alidada acimutal sirven de soporte; el gonio para el eje está montado de tal manera que a causa de los apoyos que lo sostienen ofrece poca regularidad en sus inclinaciones; la sensibilidad es tal, que si l_1 y l_2 son las lecturas de los extremos de la burbuja, a partir del centro, será

$$\delta = (l_1 - l_2) \times 7'',5 = (l_1 - l_2) \times 0'',5.$$

[Reprodución a tamaño real das dúas primeiras páxinas do "Registro..."]